

REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 34, de 11 xaneiro de 2022

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado.

A sesión celébrase presencialmente e a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e no “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020.

DATA: 11 de xaneiro de 2022

HORA DE COMEZO: 11:15h.

HORA DE REMATE: 14.10 h.

ASISTENTES

Barreira Cerqueiras, Eva María (PDI)
Caldeiro Pedreira, M^o Carmen (PDI)
Fátima Fernández García (Estudiante)
López Rúa, Paula (PDI)
Muñoz Carril, Pablo César (PDI)
Otero Urtaza, Eugenio Manuel (PDI)
Poncet Souto, Marta M^a (PDI)
Romero Castro, María José (PDI)
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

XUSTIFICA AUSENCIA

Ana María Brao Viña (PAS)

Orde do día:

1. Análise dos informes de seguimento do curso 2019-20: revisión das accións abertas (curso 2020-21) e proposta de accións (novas e de continuidade) para o curso 2021-22.
 2. Participación dos grupos de interese nos órganos de goberno: reflexións e acordos a tomar.
 3. Rolda aberta de intervencións.
-
1. **Análise dos informes de seguimento do curso 2019-20: revisión das accións abertas (curso 2020-21) e proposta de accións (novas e de continuidade) para o curso 2021-22**

A presidenta da Comisión concédelle a palabra á coordinadora do Título do Grao de Primaria e Dobre Grao.

A profesora Paula López Rúa presenta os datos do Informe de Seguimento do Título de Primaria do curso 2019-2020, recompilados polas respectivas Comisións de Título do Grao de Primaria e do Grao de Infantil, celebradas conxuntamente. Sinala que os datos do Informe de Seguimento do Título de Infantil son os mesmos que os de Primaria coa excepción de que en Infantil hai unha acción de mellora máis referida ao Prácticum, e de que varía a numeración das accións de mellora.

A profesora Paula López Rúa expón os datos e as evidencias sobre a execución das accións de mellora realizadas no curso 2020-2021 para que os membros da Comisión de Calidade as analicen, reflexionen sobre a súa eficacia e, decidan sobre a conveniencia de pechalas e abrilas (ou non) para o curso seguinte.

Tarefa AM1. Descrición da acción de mellora:

Aplicación dos documentos complementarios e seguimento das directrices establecidas no Documento Marco de Funcións das Coordinacións: enquisa de coordinación de materias do semestre para o alumnado, listaxe de control para a revisión de programas das materias, táboas de actividades transversais e protocolo para cambios de grupo interactivo.

Comprobación da tarefa: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre.

Tarefa AM2. Descrición da acción de mellora:

Solicitar á Vicerreitoría correspondente o aumento dun posto de PAS en conserxería en quenda de tarde. A tramitación da solicitude dun segundo conserxe para a quenda de tarde na FFP-Lugo fíxose con data 9 de decembro de 2020. O documento dirixiuse á atención do Xerente e a Vicexerenta de Persoal pero non se recibiu resposta.

Comprobación da tarefa: Non eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre como acción de mellora dos Títulos. Decídese reabrir para o curso 2021-2022, pero como acción de mellora de Centro e non de Título, ao considerarse que afecta a todos os Títulos impartidos no Centro, tanto de Grao como de Mestrado.

Tarefa AM3. Descrición da acción de mellora:

Seleccionar e reformular a información proporcionada ao alumnado na Xornada de Acolida e continuar coa enquisa de satisfacción para o estudantado.

Comprobación da tarefa: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre pois pasa a formar parte do PLAN FORTE (Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado).

Tarefa AM4. Descrición da acción de mellora:

Actualizar a Guía do Prácticum para axustala á nova organización do mesmo.

As coordinadoras xerais de Prácticum das Facultades de Formación do Profesorado de Lugo e de Educación de Compostela traballaron conxuntamente para actualizar o Protocolo Intercentros do Prácticum. Asemade, na FFP-Lugo, o Plan Xeral de Prácticum foi tamén adaptado tendo en conta os novos plans de estudo dos Graos.

Comprobación da tarefa: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre.

Tarefa AM5. Descrición da acción de mellora:

Mantener contacto cos titores/as externos/as do Prácticum nos Centros de prácticas.

Na FFP-Lugo, nas guías docentes dos Prácticums das Titulacións déixase constancia dos contactos que deben establecer os supervisores/as da Facultade e os titores/as externos/as do Prácticum, a frecuencia e os medios para facelo. Os contactos establécense asemade no Plan Xeral do Prácticum e no Protocolo Intercentros.

Comprobación da tarefa: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre posto que queda protocolizada no Plan Xeral de Prácticum e no Protocolo Intercentros.

Tarefa AM6. Descrición da acción de mellora:

Informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polos dous centros.

Na FFP-Lugo, ao longo do curso 2020-2021, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto coas coordinacións de Título e as coordinacións de curso informaron ao alumnado por medio do Campus Virtual de todas aquelas convocatorias relacionadas coa mobilidade, e trasladaron o material preparado polo Servizo de Relacións Exteriores, solucionando as dúbidas plantexadas polo alumnado ou remitindo aos coordinadores/as de mobilidade correspondentes. No caso das prazas Erasmus, o alumnado respondeu moi positivamente, cubrindo todas as prazas despoñibles en universidades de fala inglesa para o curso 21-22, e mesmo quedando alumnado sen praza. Unha posible razón pola que o alumnado non cubre as prazas SICUE e porque non contan con bolsas.

Comprobación da Tarefa: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Manténse.

Tarefa AM7. Descrición da acción de mellora:

Tarefa 7.1. Informar e animar ao profesorado das Titulacións a que participen (de xeito individual ou colaborativo) nalgunha das diferentes modalidades establecidas na convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa en MOOC e de Apoio das TIC á Docencia da USC.

Comprobación da tarefa: Esta tarefa non se puido completar xa que non consta o anuncio dunha convocatoria para este tipo de proxectos no curso 2020-2021. Estado: Finalizada. Non hai evidencias.

Acordo da Comisión: Péchase pero reábrese para o curso 2021-2022.

Tarefa 7.2. Informar e animar ao profesorado das Titulacións a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en Proxectos de Innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS).

Comprobación da tarefa: Na FFP-Lugo, dende o Decanato infórmase ao profesorado das convocatorias que se organizan a este respecto. Porén, na convocatoria do curso 2020-2021 non se presentou ningún docente desta Facultade. Unha posible causa pode ser as circunstancias derivadas da pandemia da Covid-19, que obrigaron a facer modificacións na docencia para ser impartida de xeito semipresencial, o cal levou aparellado un aumento da carga de traballo do profesorado e impediu a posta en marcha de proxectos ou iniciativas que se desenvolven presencialmente.

Estado: Finalizada. Non hai evidencias.

Acordo da Comisión: Péchase pero reábrese para o curso 2021-2022.

Tarefa AM8. Descrición da acción de mellora:

Tarefa 8.1. Recollida de incidencias sobre posibles problemas de coordinación docente en materias impartidas por máis dun profesor/a.

Comprobación da tarefa: Na FFP-Lugo, o Documento Marco de Funcións das Coordinacións (aprobado en Comisión de Título e Comisión de Calidade o 14 de xullo de 2020) especifica, entre as responsabilidades do coordinador/a de materia, velar pola coordinación da mesma a nivel de contidos, sistema de avaliación e actividades programadas (charlas, traballos...), así como garantir a homoxeneización na programación e a coordinación na impartición da materia. Porén, correspóndelle en primeira instancia ao coordinador/a de materia asegurar a coordinación docente en materias compartidas. Por outra banda, as

enquisas de satisfacción do alumnado coa coordinación de materias de cada semestre, que forman asemade parte do Documento Marco de Funcións das Coordinacións, contemplan ítems específicos para identificar problemas de coordinación docente en materias compartidas. As enquisas pasáronse no curso 2020-2021, e os datos recollidos polas coordinacións de curso trasladáronse ao coordinador/a de Título para seren empregados, tanto pola Comisión de Título (que fai o seguimento da coordinación de acordo co Proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de procesos da FFP, para o Informe Anual de Seguimento) como pola Comisión de Calidade, para identificar posibles problemas e propoñer as oportunas accións de mellora. Asemade, infórmase á Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das súas competencias, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro. No curso 2020-2021 non se detectaron incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP.

Estado: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre posto que esta acción está protocolizada no Documento Marco de Coordinacións e nas enquisas de satisfacción do alumnado coa coordinación entre materias compartidas.

Tarefa 8.2. Traslado das incidencias aos Departamentos responsables da docencia das materias afectadas para que se resolvan á maior brevidade posible.

Comprobación da tarefa: Na FFP-Lugo non se detectaron incidencias ao respecto.

Estado: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre posto que esta acción está protocolizada no Documento Marco de Coordinacións e nas enquisas de satisfacción do alumnado coa coordinación entre materias compartidas.

Tarefa AM9. Descrición da acción de mellora:

Tarefa 9.1. Organización de xornadas formativas con profesionais en activo e profesorado da Facultade para proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado.

Comprobación da tarefa: Na FFP-Lugo desenvolvéronse durante o curso 2020-2021 diversas actividades orientadas a completar a formación do alumnado e proporcionarlle orientación profesional. Todas estas accións intégranse dende o curso 2019-2020 no Plan FORTE-FFP (Plan de Formación, Orientación e

Titorización do Estudantado da Facultade), establecido na Memoria de Calidade do centro 2019-2020, e que desenvolve o Proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP.

Os coordinadores/as de curso empregan no Campus Virtual táboas para recoller actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc. desenvolvidas en cada curso para sistematizar a recollida de datos sobre as mesmas (datos que á súa vez reflicten nos seus informes finais).

A coordinadora de Título, profesora López Rúa, presenta aos membros da Comisión as actividades realizadas por cursos con relación a esta acción de mellora.

Estado: Finalizada. Eficaz. A descrición completa destas actividades e a valoración da súa eficacia poden atoparse no informe de execución do Plan para o curso 2020-2021, que, consonte ao proceso PC-03, é analizado pola Comisión de calidade (reunión do 22 de decembro de 2021) para revisar a súa eficacia e propoñer as accións de mellora pertinentes no Plan de Melloras da Memoria de Calidade.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre a nivel de Título para o curso 2021-2022 posto que esta acción intégrase e protocolízase como actividade no Plan FORTE-FFP (Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da Facultade) para facerse anualmente no Centro.

Tarefa 9.2. Creación dunha presentación para a orientación académico-profesional do alumnado (Mencións cualificadoras, saídas profesionais, etc.) e difusión da mesma a través de redes sociais e/ou recursos web.

Comprobación da tarefa: Na FFP-Lugo, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de Título, recolle información para a elaboración dunhas presentacións sobre o Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o Dobre Grao destinadas a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación (AM-25 desenvolvida e incluída na listaxe de accións de mellora finalizadas da Memoria de Calidade do curso 2019-2020). As presentacións están dispoñibles na web do Campus Terra.

Estado: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre a nivel de Título para a FFP no curso 2021-2022, porén intégrase e protocolízase como actividade do Plan FORTE-para ser levada a cabo anualmente coas actualizacións pertinentes.

Tarefa AM10. Descrición da acción de mellora:

Comprobar o axuste entre a normativa de programación docente, as guías docentes e a Memoria Verificada do Título.

Comprobación da tarefa: Na FFP-Lugo, o Documento Marco de Funcións das Coordinacións establece como responsabilidade dos coordinadores/as de materia verificar o cumprimento da programación en relación ás fichas da Memoria Verificada do Título (MVT) e, de selo caso, solucionar as desviacións detectadas. Asemade, o documento marco contempla como función das coordinacións de curso instar ao profesorado responsable das materias a elaborar as súas programacións consonte ás Memorias Verificadas dos Títulos.

Estas funcións asignadas ás coordinacións de materia e curso derivan do feito de que, de acordo co Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado da USC, as Comisións de Título dos Graos supervisan os axustes entre programas e Memorias, pero os programas son previamente aprobados polos Departamentos con encargo docente no Centro. Polo tanto, o axuste entre os programas e as fichas das materias na MVT debe comprobalo en primeira instancia o docente responsable e os seus respectivos Departamentos, e calquera desviación a ese respecto debería ser detectada nesa fase.

En calquera caso, enténdese que dende o Centro cómpre poñer en marcha mecanismos para a comprobación sistemática e detección temperá de posibles desviacións entre as fichas das materias na MVT e os programas, por medio das correspondentes accións de mellora.

A ese respecto, débese ter en conta que poden existir axustes que sexa aconsellable realizar nas propias fichas con respecto aos programas, por exemplo, para subsanar erros, ou no caso de que as fichas precisen actualizacións derivadas do propio avance do coñecemento, das necesidades reais da aula ou do replantexamento das competencias desenvolvidas.

Esta cuestión non se puido abordar polo momento por mor da priorización de actividades derivada da situación de emerxencia sanitaria causada pola COVID-19.

Polo que respecta á normativa de programación docente e os programas das materias, a través das coordinacións de curso dáse conta dos desaxustes que se detecten nos informes de revisión de programas elaborados anualmente. Os coordinadores/as de curso contactan co profesorado das materias para solucionar pequenos erros ou omisións, e trasladan os seus informes ao coordinador de Título, o cal fai un seguimento da coordinación en representación da comisión de título, que é a encargada do seguimento de acordo co proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de Procesos da FFP, e que actúa no caso de detectarse desviacións importantes. Os datos sobre as revisións dos programas forman parte do informe anual que o coordinador de Título elabora para a súa análise pola Comisión de

Título á hora de preparar o Informe de Seguimento e para a Xunta de Facultade, entre cuxas competencias se atopa, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.

Todos os datos correspondentes á revisión de programas realizada durante o curso 2020-2021 pódense atopar na Adenda ao Informe de Acreditación que se adxunta ao propio informe.

Estado: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e reábrese no curso 2021-2022 previa reformulación do proceso de revisión dos programas e rexistro dos axustes. Reábrese cunha revisión da ferramenta de revisión dos programas para abordar o tema dos axustes dos programas á Memoria Verificada dos Títulos.

Tarefa AM11. Descrición da acción de mellora:

Proceder ao cambio de curso de determinadas materias do Título de Primaria e as que se acordaron do Título de Infantil no itinerario do Dobre Grao, previa solicitude á Vicerreitoría de Titulacións.

Cómpre eliminar do plan de estudos do Dobre Grao o texto: “Ao remate do 4º curso os estudantes estarán en condicións de obter o título de Graduado ou graduada en Mestre de Educación Primaria, de maneira que o 5º curso ofrece os créditos necesarios para obter tamén o título de Graduado ou graduada en Mestre de Educación Infantil.” Reemplazarase polo seguinte texto: “Tal e como se establece na RR de 31/07/2020 sobre desdobre de expedientes de dobres graos na USC, a imputación dos resultados académicos acadados na dobre titulación en cada un dos Graos deberá realizarse ao finalizar os estudos do dobre título”.

Comprobación da tarefa: Na FFP-Lugo fixéronse as oportunas xestións para realizar os cambios pertinentes, que foron aprobados en Consello de Goberno celebrado o 29 de decembro de 2020, e que se fixeron efectivos no curso 2020-2021.

Estado: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre para o curso 2021-2022.

Tarefa AM12. Descrición da acción de mellora:

Facer cursos de formación para o profesorado relacionados con contornas virtuais: deseño de actividades de aprendizaxe en liña e desenvolvemento de procesos de formación virtual síncrona con Microsoft Teams.

Comprobación da tarefa: De acordo co proceso PS-01 Xestión dos Recursos Humanos, a Comisión de Calidade identifica as necesidades de formación do PDI e as traslada ao equipo decanal, que solicita as accións formativas correspondentes.

No curso 2020-2021, en resposta ás necesidades expresadas polo profesorado de mellorar as súas competencias dixitais para interaccionar nun escenario de docencia semipresencial, dende o Decanato fixéronse as oportunas xestións para poñer en marcha dous cursos de formación docente relacionados con contornas virtuais: “Deseño de actividades de aprendizaxe en liña” e “Desenvolvemento de procesos de formación virtual síncrona con Microsoft Teams”, que se desenvolveron de xeito virtual.

Os cursos desenvolvéronse con moi bos resultados de participación e aproveitamento. Debido á alta demanda, as prazas ampliáronse en ambos cursos.

Estado: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Péchase e non se reabre para o curso 2021-2022.

Tarefa AM13. Descrición da acción de mellora:

Crear un foro de intercambio de experiencias coas titoras e titores externos do Prácticum.

Comprobación da tarefa: A conveniencia de recoller información sobre o desenvolvemento das prácticas nos centros escolares para axustar e mellorar os procesos formativos do Prácticum motivou a creación deste foro de intercambio. A xornada, organizada pola coordinadora xeral do Prácticum da FFP, foi anunciada ao profesorado supervisor xunto cun avance da súa temática e estrutura, e desenvolveuse o 19 de xuño de 2021.

O Protocolo Intercentros e o Plan Xeral do Prácticum recollen a recomendación de por en marcha de xeito bianual iniciativas formativas deste tipo, encamiñadas a fomentar a colaboración entre a Facultade e os centros de prácticas. Polo tanto, a organización da seguinte actividade estaría prevista para o curso académico 2022-2023.

Estado: Finalizada. Eficaz.

Acordo da Comisión: Pecháse e reábrese no curso 2022-2023 posto que o Protocolo Intercentros e o Plan Xeral do Prácticum recollen a recomendación de por en marcha de xeito bianual iniciativas formativas como esta.

En relación ao Informe de Seguimento do Título do Grao de Infantil, a coordinadora sinala unha acción de mellora máis, r referida ao Prácticum:

Descrición da acción de mellora: procurar que o alumnado curse os dous Prácticum nas dúas etapas (en 0-3 e 3-6) e protocolizar as reunións de coordinación.

Comprobación da tarefa: Estas tarefas están recollidas e protocolizadas no Plan Xeral de Prácticum e no Protocolo Intercentros.

Estado: Eficaz.

Acordo da Comisión: pechalas e non reabrilas para o curso 2021-2022. Posto que están protocolizadas.

A coordinadora de Título do Grao de Primaria presenta as propostas de accións de mellora 2021-2022, recompiladas polas Comisións de Título de Primaria e Infantil, para a reflexión e toma de decisión por parte dos membros da Comisión de Calidade.

Descrición das propostas de acción de mellora para o curso 2021-2022:

Acción de mellora: Creación de calendarios de tarefas de edición conxunta para que o profesorado poida engadir neles as tarefas encargadas ao alumnado de cada curso e semestre nas súas materias, e no caso de detectarse sobrecargas, facer os axustes que estime oportunos.

Análise da causa: O Documento Marco de Funcións das Coordinacións establece que os coordinadores/as de curso recollerán e difundirán entre o profesorado información sobre a carga de traballos do alumnado. A ese respecto, cómpre poñer en marcha mecanismos para a recollida sistemática deses datos que permita visionar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre.

Acordo da Comisión: Acéptase a proposta de acción de mellora. Os coordinadores/as de curso porán a dispor do profesorado de cada curso e semestre -por medio das aulas de coordinación do Campus Virtual- unhas táboas-calendario elaboradas polas coordinacións de título, nas que o profesorado poderá indicar as tarefas de maior peso encargadas ao alumnado para cada materia. Deste xeito, o profesorado poderá ter unha visión xeral da carga de traballos asignados ao alumnado e, facer os axustes de prazos que considere oportunos.

Acción de mellora: Reformulación do proceso de revisión de programas e creación dun rexistro de necesidades de axuste das fichas da Memoria Verificada do Título con respecto aos programas das materias, para o seu seguimento pola Comisión de Título e posta en común en Comisión Intercentros a fin de consensuar os axustes necesarios nas fichas, e abordalos cando se proceda a unha modificación substancial da MVT. Os datos serán facilitados polo profesorado responsable das materias, e recompilados

polos coordinadores/as de curso para o rexistro e seguimento por parte das Comisións de Título.

Análise da causa: Necesidade de establecer mecanismos para a detección temperá de posibles desviacións entre os programas e as fichas das materias na Memoria Verificada do Título (MVT), así como para o rexistro daqueles desaxustes que sexa preciso abordar actualizando as propias fichas.

Acordo da Comisión. Acéptase a proposta de acción de mellora. Diseñárase unha plantilla de revisión que se facilitará ao profesorado. O coordinador/a de curso empregará eses datos para elaborar o informe xeral de revisión dos programas do curso, no que supervisará o cumprimento daqueles aspectos que sexan da súa competencia, remitindo o informe ao coordinador/a de título. Os desaxustes e incidencias detectadas trasladaranse aos departamentos correspondentes antes da aprobación dos programas en Xunta de Facultade.

Acción de mellora: Posta en marcha dunha xornada formativa para supervisores/as do Prácticum de nova incorporación, coa seguinte estrutura básica:

- Referentes documentais e normativos do Prácticum na FFP
- Funcións e obrigas a desempeñar
- Organización do Prácticum I ou II, segundo sexa o caso
 - a) Calendario
 - b) Explicación das fases de supervisión
 - c) Documentación e procedementos en cada fase: figuras implicadas, funcións, etc.

Análise da causa: Cómpre proporcionar orientación e asesoramento ao profesorado supervisor do Prácticum de nova incorporación, co fin de que teña información para entender o funcionamento da materia na FFP e poida desenvolver as tarefas de supervisión de xeito eficaz. A coordinadora xeral do Prácticum desenvolve actualmente tarefas de orientación ao profesorado supervisor do Prácticum, pois é unha das funcións da coordinación recollidas na normativa e os protocolos. Dese xeito, no curso 2020-2021 a coordinadora mantivo sesións conxuntas ou individuais cos novos supervisores, explicándolles as súas funcións, tarefas, etc. e solucionando calquera dúbida que xurdise.

Acordo da Comisión: Acéptase a proposta de acción de mellora. Realizarase unha actividade de orientación de xeito máis sistemático, organizando unha xornada formativa para supervisores/as de nova incorporación. Esta acción formativa farase, con carácter permanente, como actuación dende a Coordinación Xeral do Prácticum (tal e como se recollen nas súas funcións), en setembro/outubro para o Prácticum I e en xaneiro para o Prácticum II. Por

parte da Coordinación Xeral de Prácticum, escollerase un día do calendario para a celebración de dúas sesións (co mesmo contido): unha en quenda de mañá e outra en quenda de tarde.

Na Comisión débátese sobre diferentes asuntos relacionados co Informe de Seguimento e as accións de mellora.

Produce un intercambio de opinións sobre os diferentes ítems que debería ter a nova plantilla para o proceso de revisión dos programas das materias; sobre o procedemento a seguir para que o profesorado cubra a plantilla antes de que os departamentos aproben os programas; sobre o proceso a seguir para trasladar incidencias (profesorado que non envía o programa, programas sen enviar porque non teñen docente asignado, programas con desaxustes en relación á Memoria Verificada do Título, etc...) e, reflexiónase sobre a responsabilidade do departamento nestas situacións.

A Comisión acorda homoxeneizar o proceso de revisión dos programas dos Graos e do Máster DAEN co do Máster de Secundaria e, empregar a plantilla de revisión do Máster de Secundaria, previo axuste aos Graos e ao Máster Daen.

Debátese sobre o punto feble que se sinala no Informe da auditoría acerca da necesidade de organizar a información e documentos do Centro e, sobre ónde ubicar a documentación de consulta pública e de consulta privada.

2. Participación dos grupos de interese nos órganos de goberno: reflexións e acordos a tomar

A presidenta da Comisión de Calidade expón os datos de participación do alumnado nos órganos de goberno da Facultade. Indica que no curso 2021-2022 se presentan catro alumnos/as para dezasete prazas, o que supón un incremento substancial sobre os datos do pasado curso no que había unha única alumna como representante do estudantado na Xunta de Facultade.

A presidenta sinala que a pesar do incremento, os datos de participación seguen a ser baixos e, entende que hai que seguir animando á participación a través de diferentes iniciativas.

A presidenta abre unha rola de intervencións para tratar o problema da desafección do alumnado nos órganos de gobernos e a procura de posibles solucións.

Os membros da Comisión reflexionan sobre as razóns da escasa participación do mencionado grupo de interese e citan como posibles causas: o desinterese endémico do alumnado da Facultade de Formación do Profesorado por participar nos órganos de goberno; a falta de presencialidade e contacto co Centro por mor da Covid-19; a falta de tempo para compaxinar estas funcións cos estudos académicos e cos horarios de clase; o individualismo; a comodidade; a falta de iniciativa e á dificultade para a toma de decisións, entre outras.

A presidenta informa de que o equipo decanal fixo unha reunión informativa telemática vía Teams á que asistiron os delegados/as de curso co obxectivo de explicarlles as funcións do alumnado nestes órganos e, as implicacións para a súa formación.

A presidenta cualifica de eficaz esta acción e propón que manteña no próximo curso 2022-2023 e, que se celebre presencialmente. Acéptase a proposta por parte dos membros da Comisión de Calidade.

En relación aos datos da participación do profesorado nos órganos de goberno, apreciouse un incremento nas candidaturas para a participación no Claustro. Entre a categoría do profesorado sen vinculación permanente nestas eleccións por primeira vez hai unha candidatura, no que respecta ao profesorado con vinculación permanente se presentaron cinco candidatos para tres prazas. A información trasladouse a través das listaxes de distribución da propia Universidade e, por parte do decanato enviáronse correos electrónicos co fin de fomentar a participación.

3. Rolda aberta de intervencións

Non hai.

A presidenta agradece a presenza dos membros da Comisión e dá por rematada a sesión da que estendo acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe, a presidenta

Marta María Poncet Souto

María Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/02/2022 10:28:47.

Asinante/Firmante/Signer: MARTA MARIA PONCET SOUTO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/02/2022 09:44:09.

CSV: 3777-9106-43DE-8251